



In memóriam

Darío Xohán Cabana

Armando Requeixo¹

Ben sei, ben sei, canté que non o soupese,
que a vida acaba cando o sangue calla,
pero quizá a memoria nos puidese
librar, se non da morte, da mortalla.

D. X. Cabana

Escribo estas liñas coa brasa ardente do sangue do amigo acabado de callar. Sei, quen me dera non sabelo, que el agarda xa por nós na outra beira, definitivamente. Mais quero agora eu deitar un fío de luz, unha ponte de memoria que desafíe á que non fala, que o libre da ominosa mortalla.

O pasado 17 de novembro de 2021 fóisenos Darío Xohán Cabana. Marchou nos fríos da noite, magoado por un mal fero que o minguou nos últimos tempos e nolo levou moito antes do que debería, cando aínda non fixera os setenta. Foise e deixou en tristura á súa Amelia, quen, como el cantou, «enchía a súa vida» e ao seu carón estivo case medio século. E ficaron orfos tamén Alexandra e Martiño, benqueridos aos que el fixo saber herdeiros «da estirpe nobre dos mariñeiros e labregos pobres» da que el se sentía un máis.

Nacera Darío en Roás, na largacía Chaira, cerna dun mundo antigo onde os seus tiñan morada «ben fermosa, chairega e vella

¹ Armando Requeixo Cuba é o secretario do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, profesor na Universidade de Santiago de Compostela e coordinador de actividades e publicacións na Casa-Museo Álvaro Cunqueiro.

casaza». Medrou no seo dunha familia de campesiños republicanos e comunistas, xente boa e xenerosa, con conciencia da necesidade do ben común, humildosa e solidaria, valores nos que foi aleitado e que cultivou longamente ata o derradeiro alento, no activismo militante, na escrita comprometida, na exemplaridade do intelectual fraterno e afecto decote á causa dos máis febles e desfavorecidos.


Darío foi doutor en Altos Versos, máster en Narrativas Modélicas e catedrático en Sublimes Traducións. E non lle fixo falta pisar aula universitaria ningunha, porque a súa escola de vida e de palabra estivo noutra parte: nas conversas cando mozo de quince anos con Xesús Alonso Montero; no traballo editor ao pé de Xosé María Álvarez Blázquez axudando a levar as míticas Edicións Castrelos entre 1971 e 1975; nos esforzados labores de vendedor de libros a domicilio, garda municipal e operario de concello, angueiras proletarias das que se sentiu sempre orgulloso, fillo entrañado do pobo como era.

Antes que ningunha outra cousa, Darío sentíase poeta. Máis aínda: poeta e lector devoto doutros poetas, os que en ocasións idolatrou tanto que non foi quen de evitar traducilos, como fixo co Dante d' *A divina comedia* e *A vida nova*, co Petrarca do *Cancioneiro* ou c' *Os trovadores da Occitania*, por poñer só tres exemplos ben significados.

E como nacera poeta –por máis que as súas primeiras lecturas foran as prosas d' *As mil e unha noites* e *Os tres mosqueteiros* de Alexandre Dumas, que moitos anos despois tamén traduciría–, ben pronto o seu estro comezou a fulgurar, gañando aquí e acolá premios e certames. Poño por caso: os Xogos Florais Minerva, organizados polo Colexio Peleteiro en Compostela, onde con tan só dezasete anos coñeceu a Álvaro Cunqueiro, por quen profesou dende entón unha admiración sen límites, ata o punto de que dun seu poema, «Os oficios de Bran», chegou a afirmar: «Creo que é un dos mellores poemas do mundo. Eu nunca lin outro que poida dicir que é mellor».

Tal paixón poética por forza tiña que se manifestar temperamente e con dezaoto anos, en 1970, publicou os seus dous primei-

For amor main da terra.
For amor sou o que sou.
For amor canto o meu canto,
for amor.



ros poemarios: *Verbas a un irmao* e *Home e terra*. Neles estaban xa os sinais de identidade dunha poética que se estendeu noutras dúas decenas de libros: amor á terra e á tribo, cosmovisión social solidariamente comprometida, afirmación erótica, indagatoria nas cicatrices do pasar do Tempo e as lañas da memoria, reflexión metapoética e compromiso idiomático e nacionalitario. Non cómpre máis que ler obras como *A fraga amurallada* (1983), *Amor e tempo liso* (1987), *Cantigas de amor vilao* (1987), *Patria do mar* (1989), *Canta de cerca a morte* (1994) ou *Cabalgada na brétema* (2006) para confirmar o que digo.

Porén, os designios da deusa Fortuna son inescrutables e a Darío, poeta sempre e máis despois, a popularidade veulle non polos seus maxistras versos, senón por man das súas non menos admirables narracións. E velaí como a aparición de *Galván en Saor* —que o fixo merecente do Premio Xerais de Novela en 1989— marcou un punto de inflexión na súa traxectoria, pois a partir dese momento a súa dedicación ao relato e a novelística foi cada vez maior, dando lugar a libros tan memorables como *Fortunato de Trasmundi* (1990), o *Libro dos moradores* (1990), *Vidas senlleiras* (1992), *O cervo na torre* (1994), *Morte de rei* (1996) ou *Mitos e memorias* (2003).

Tan abraiante legado abondaría para que gardásemos para sempre na arca da inmortalidade literaria o seu nome, mais acontece que Darío non quixo desatender tampouco a escrita infantoxuvenil, consciente como era de que é na infancia e primeira mocidade onde se labra a identidade lectora e a adhesión á matria. Foron xurdindo así *As aventuras de Breogán Folgueira* (1990), *O avión de Cangas* (1992), *O castro de ouro* (1994) ou *Chucho Cacho* (1994), entre outros textos cos que fixo bo o adaxio horaciano do *prodesse et delectare*.

Todo este entregue quefacer tróuxolle alegrías e xustísimos recoñecementos. Aí os están, amais dos xa nomeados, galardóns como o Premio de Poesía Cidade de Ourense, o Cidade de Lugo, o Premio Barco de Vapor, o Premio de Poesía Martín Codax, o Premio Ramón Cabanillas de Tradución e a Medalla de Ouro do Concello de Florencia pola súas magnas versións do *Cancioneiro*

de Petrarca e a *Divina Comedia* de Dante, distinción que recibiu na cidade italiana en 1991 e que o consagrou como un dos mellores tradutores galegos de todos os tempos.

Mais tan merecidas preces non o apartaron nin unha cuarta da atención ás súas querenzas cordiais: a súa Amelia, coa que viaxou a tanta parte e coa que compartiu proxectos e soños millenta; os seus fillos, cos que mesmo escribiu monografías (con Alexandra deu á luz unha *Guía da provincia de Lugo* en 1998 e *Monterroso na Ulloa* en 2001) e editou libros (con Martiño fundou Edicións da Curuxa en 2011, onde reeditou as súas traducións de Dante e Petrarca e engadiulles as dos trovadores occitanos). E, xaora, tamén os seus amigos, cos que viviu mil angueiras e verbo dos que escribiu páxinas referenciais, como acontece cos para el fraternos Xosé María Álvarez Blázquez, Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel María ou Fiz Vergara Vilariño.

Cidadán exemplar, Darío apoiou activamente toda canta causa considerou xusta, manifestándose en recitais, xornadas e outros actos públicos a prol do pobo palestino, contra a Marea Negra, na defensa da Memoria Histórica e na honra e lembranza de artistas, escritores e persoeiros galegos xa idos. O seu testemuño, vibrante e revelador, pode rastrexarse en non poucos volumes colectivos, onde ficaron recollidas as súas intervencións.

Na primavera de 2005, cumpridos xa os cincuenta e tres anos, Darío foi nomeado académico numerario da Real Academia Galega a proposta de Ramón Lorenzo, Antón Santamarina e Francisco Fernández Rei. O seu ingreso fíxose efectivo no abril seguinte, momento no que deu lectura ao discurso *De Manuel María a Ferrín: a grande xeración*, un ensaio que respondeu o propio Méndez Ferrín. Alcanzaba así aquel pícaro de Roás, instalado dende había uns anos en Romeán, o máximo recoñecemento dende o ámbito académico, pois sentía que «entrar na Academia pra min é o máximo, é dicir, non hai maior distinción pra un escritor galego». E aínda que confesou que sempre lle tivera «respecto á Academia, onde estiveron Curros, Murguía ou Pondal», tamén fixo fincapé en que «ás veces acolle tipos moi repugnantes».

Na RAG Darío foi, ata os derradeiros intres, unha voz respectada e un membro ben activo. Mais a súa entrega ao país proxectouse alén das paredes da pazo da Rúa Tabernas, participando aquí e acolá en xornais e revistas, elaborando diariamente durante corenta e catro anos e de xeito ininterrompido o encrucillado galego dun periódico, axudando na redacción de prestixiosas revistas de pensamento como *A Trabe de Ouro*, vendo como os seus versos e narracións eran musicados, antologados e traducidos a moi diversas linguas, recibindo homenaxes, centrando monográficos de publicacións, sendo entrevistado e obxecto de libros de conversas, contemplando como se publicaba a súa obra e, en fin, estendéndose a súa benfeitora presenza ao longo e ancho da Galicia que tanto amou.

Ese Darío foi o que eu coñecín a mediados dos anos noventa. Un escritor descomunal, un sabio de xinea antiga e, sobre todo, un ser extraordinario, amigo dos seus amigos, chairego, lucense e galego, como diría Castelao, infusible ao soprete e inatacable polos ácidos.

Temos por diante un labor difícil e doloroso: aprender a andar o camiño sen ter xunta a nós o consello sabio e a palabra fulgurante de Darío. Mais non teño dúbida ningunha de que, alá onde estea, el non ha permitir que abandonemos a loita por unha Galicia máis próspera e igualitaria, máis culta e cosmopolita, máis identificada, máis nosa. Darío: «contra a xeadada e contra o inverno frío,/ contra as calores árdigas do estío», contra a «corrente do espantoso río/ do tempo manso, túcero e sombrío,/ que a lenta morte a vida nos afai», defenderemos o teu exemplo e «as chousas da memoria/ contra a derrota que a nación abrangue,/ contra a nocella, contra silva e cardo», defenderemos «o orgullo e mais a gloria», a estirpe e a terra, a casa, a túa casa Darío.

Armando Requeixo